

Lin *Lusocuria* tres veces. A primeira lectura foi un pouco confusa: adiantáronse as escenas sexuais, a linguaxe máis cruda e as palabras máis rechamantes, ficando para o fondo aquelas outras escenas, linguaxe e palabras máis opacas, as cousas do fondo que non acadan un perfil, malia seren fundamentais, mesmo ás veces o núcleo. Na segunda lectura o primeiro recuou un chisco e o segundo, a opacidade do fondo, comezou a mexerse, comezaron a desprazarse bultos e masas, a individualizarse riscos, rumores do fondo, figuras, emocións latentes; todo iso saiu un pouco. Na terceira lectura xa me pareceu “percibir” o poema.

Concreto a miña impresión. Pareceume un poemario denso, que contaba unha historia e ó mesmo tempo acumulaba en capas ou estratos, un enriba do outro, as diferentes formas dun mesmo estado latente que a recorre de principio a fin, e que semella o trasfondo existencial invariable, ou só moi lentamente variante, dende o que asistir á multiplicidade das vivencias cotiáns, moi especialmente aos avatares do romance que ocupa o lugar central (se non é ese mesmo trasfondo existencial o que ocupa o fondo; ou, como a elipse, seguramente a figura ten dous focos).

A intensidade resulta por veces esgotadora. É como si houbera espellos deformantes reflectindo a historia, espellos amplificadores, dramatizantes, tortuosos, colocados diante dos aconteceres da parella. Con estes espellos refírome ao desexo, con toda a súa complicación erótico-instintiva (sexual) i erótico-imaxinativa (estética); semella que se rompen cara á fin do poemario para permitirlle á voz que fala reducir toda a complexidade das vivencias a unha mirada lúcida que, encarando só o esencial, conclúe cun balance operativo (o sentimento final ou finalizador).

O desexo en sentido lato aparece como unha forza máis poderosa que o desexo sexual. Ambos os dous aparecen trabados ás veces por “ordes tácitas / que nos impeden sonhar”, “gritos aplacados” que queren liberarse de golpe, cheiros ranciosos, vellos, apodrecidos e fastiantes que non poden desprenderse completamente ou sen dar pé a silencios vacíos ou calmas indesexadas. Outros atrancos refírense á tendencia morbosa ao afastamento do real até un lugar de natureza inconsolable, solitario, profundamente silencioso, de cor probablemente violeta, que completa a orde da realidade xalonada de encontros sexuais e choques de corpos a imaxes de sonhos (un “perfil perdido nas falesias”) ou da memoria (intres puros nunha praia).

Noraboa por esta obra. De seguro ten aínda moitas virtudes agochadas á espera dunha cuarta lectura. É arte sincera e directa. Poesía.